

Los anuncios sucesivos se publicarán exclusivamente en la sede electrónica y en el tablón de anuncios del Ayuntamiento de Trasmiras.

Trasmiras, en la fecha de la firma electrónica. El alcalde.

R. 2.795

Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

Ao non se presentaren reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente considerado definitivo o acordo asembleario inicial de 28 de setembro de 2022, aprobatorio da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame, cuxo texto íntegro se publica para o seu coñecemento xeral, en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame.

Artigo 1. Fundamento e obxecto

No uso das facultades contidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co que dispón o artigo 20, en relación cos artigos 15 e 19 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este concello establece a taxa polos dereitos de exame, que estará ao que establece a presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao que estipula o artigo 57 do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa, a actividade técnica e administrativa propicia á selección do persoal funcionario e laboral entre as persoas que soliciten participar como aspirantes en probas de acceso ou promoción aos corpos ou escalas de funcionarios/as ou ás categorías de persoal laboral convocadas por esta mancomunidade.

Artigo 3. Suxeito pasivo

Serán suxeitos pasivos desta taxa todas as persoas físicas que soliciten a inscrición como aspirantes nas probas selectivas ou de aptitude ás que se refire o artigo anterior.

Artigo 4. Responsables

Responderán da débeda tributaria os debedores principais, xunto a outras persoas ou entidades. Para estes efectos, consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do artigo 35.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 do decembro, xeral tributaria.

En relación coa responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria, estarase ao que establecen, respectivamente, os artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 5. Cota tributaria

5.1. As tarefas que corresponde satisfacer polos servizos regulados nesta ordenanza, serán as seguintes:

Grupo A (subgrupos A1 e A2): 30,00 euros

Grupo B: 24,00 euros

Subgrupo C1: 18,00 euros

Subgrupo C2: 12,00 euros

Agrupacións profesionais: 6,00 euros

5.2. Dereitos de exame para probas selectivas de promoción interna para persoal funcionario, laboral temporal e bolsas de traballo:

- Liquidaranse o 50% das cotas fixadas no apartado 5.1 para os distintos subgrupos e categorías.

Artigo 6. Exencións e bonificacións

6.1. Ás cotas tributarias anteriores, seranlle de aplicación as seguintes reducións:

a) Do 100%, naqueles casos nos que o suxeito pasivo sexa unha persoa que figura inscrita como desempregada, referida á data da publicación da convocatoria das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia. Para aplicar a redución mencionada, o suxeito pasivo deberá acreditar as circunstancias descritas no parágrafo anterior, mediante a presentación dun certificado de desemprego, emitido polo Servizo de Emprego que corresponda.

b) Do 100%, a favor de vítimas de violencia de xénero. Para aplicar esta redución, o suxeito pasivo deberá xuntar a resolución xudicial ou orde de protección ditada a favor da vítima ou, no seu defecto, un informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de ser vítima de violencia de xénero, ata que se dite a orde de protección, de conformidade coa normativa vixente na materia.

c) Do 100% a favor de persoas en situación de discapacidade igual ou superior ao 33%. Para aplicar esta redución, o suxeito pasivo deberá presentar a tarxeta acreditativa do grao de discapacidade expedida pola comunidade autónoma correspondente.

d) Do 100%, a favor de membros de familias monoparentais. Para aplicar esta redución, o suxeito pasivo deberá acreditar a pertenza a unha familia monoparental mediante algún dos seguintes documentos:

-Libro de familia no que conste un/unha único/a proxenitor/a e os/as fillos/as deste/a.

-Libro de familia onde consten os/as fillos/as e certificado de defunción do outro cónxuxe en caso de viuvez.

-Libro de familia onde consten os/as fillos/as e sentenza xudicial de separación, divorcio ou nulidade, ou de relacións paterno-filiais, sempre e cando non se establezan nela pensións compensatorias ou de alimentos, ou, se están establecidas, o impago destas mediante sentenza, denuncia ou demanda.

-En todo caso, as persoas aspirantes que non estean empadroadas no municipio deberán xuntar un certificado ou volante de empadroamento familiar que acredite a non convivencia con outro proxenitor ou parella de proxenitor (matrimonial ou de feito).

6.2. Están exentas do pago da taxa as vítimas de terrorismo, o cónxuxe e os seus ascendentes ou descendentes, por natureza ou adopción. Para os efectos do desfrute desta exención, equipárase o cónxuxe a quen conviva ou convivira ca vítima con análoga relación de afectividade e acredite, en tal sentido, en virtude do certificado expedido para o efecto, a súa inscrición no Rexistro de Unións de Feito da comunidade autónoma correspondente. Para aplicar esta exención, o suxeito pasivo deberá xuntar un certificado emitido polo órgano competente do Ministerio do Interior, no que conste a identificación da vítima e, no seu caso, o parentesco.

6.3. Os suxeitos pasivos que, no día no que finaliza o prazo de presentación de solicitudes, teñan a condición de membros de familias numerosas conforme o que establece a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas e a demais normativa concordante, gozarán dunha bonificación nesta taxa, nos seguintes termos:



- a) Familias numerosas de categoría xeral: 50%.
b) Familias numerosas de categoría especial: 100%.

Para aplicar esta bonificación, o suxeito pasivo deberá presentar un certificado ou fotocopia do carné vixente de familia numerosa expedido polo órgano competente.

6.4. Os beneficiarios fiscais expresados non terán carácter acumulativo, polo cal, en supostos de concorrencia de diversas causas que sexan o orixe do dereito a demandar os beneficios citados, o/a interesado/a deberá optar só por un deles. No suposto de que o/a interesado/a non exercitase a opción anterior, procederase de oficio, a considerar por orde de preferencia decrecente no que encontre debidamente xustificado ou resulte máis favorable ao interesado ou interesada.

Artigo 7. Devindicación

A devindicación da taxa producirase no momento da solicitude de inscrición nas probas selectivas ou de actitude á que se refire o artigo 2; será preciso o pago da taxa para poder participar nelas.

A taxa aboarase durante o período de tempo no que permanece aberto o prazo para a presentación de solicitudes de participación, que será o determinado en cada unha das bases que rexan as convocatorias para a provisión, nos seus distintos réximes, das prazas que se oferten.

Artigo 8. Normas de xestión

8.1. A taxa regulada nesta ordenanza esixirase en réxime de autoliquidación. Os suxeitos pasivos deberán practicar autoliquidación nos impresos habilitados para o efecto pola Administración municipal e realizar o ingreso en calquera entidade bancaria autorizada, antes de presentar a correspondente solicitude de inscrición no proceso selectivo, á que se deberá acompañar o xustificante de pago da taxa; non se admitirá o pago fóra do dito prazo.

8.2. A falta de pago da taxa no prazo sinalado no parágrafo anterior, determinará a inadmisión da persoa aspirante ás probas selectivas.

8.3. Coa solicitude de inscrición no proceso selectivo do que se trate, haberá de acompañarse, en todo caso, a copia da autoliquidación debidamente ingresada. No caso de que o suxeito pasivo sexa unha das persoas ás que se refire o artigo 6 desta ordenanza, deberá acompañarse a documentación que se indica nel.

8.4. Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, a actividade técnica e/ou administrativa que constitúe o feito imponible da taxa non se realice, devolverase o importe correspondente. Devolverase, así mesmo, cando os ingresos se declaren indebidos por resolución ou sentenza firmes ou cando se producese unha modificación substancial das bases de convocatoria. Polo tanto, non procederá devolución ningunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causa imputable ao interesado ou interesada.

Artigo 9. Infraccións e sancións

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o que dispón o artigo 11 o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Artigo 10. Lexislación aplicable

En todo o establecido na presente ordenanza estarase ao que dispoñen o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de

réxime local, a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e a Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

Disposicións finais

Primeira. Para todo o non expresamente regulado nesta ordenanza, será de aplicación a lexislación vixente sobre a materia.

Segunda. A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte de publicarse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Contra o presente acordo, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña, no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte ao de publicarse este anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

O presidente. Asdo.: José Luis Suárez Martínez.

Documento asinado dixitalmente.

Mancomunidad de Municipios de la Comarca de Verín

Al no haberse presentado reclamaciones durante el plazo de exposición al público, queda automáticamente considerado definitivo el acuerdo asambleario inicial de 28 de septiembre de 2022, aprobatorio de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Derechos de Examen, cuyo texto íntegro se publica para su conocimiento general y en cumplimiento de lo que dispone el artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Derechos de Examen

Artículo 1. Fundamento y objeto

En uso de las facultades contenidas por los artículos 133.2 y 142 de la Constitución, por el artículo 106 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y de conformidad con lo que dispone el artículo 20, en relación con los artículos del 15 al 19 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, esta mancomunidad establece la tasa por derechos de examen, que estará a lo establecido en la presente ordenanza fiscal, cuyas normas atienden a lo que estipula el artículo 57 del citado texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

Artículo 2. Hecho imponible

Constituye el hecho imponible de la tasa, la actividad técnica y administrativa conducente a la selección del personal funcionario y laboral entre las personas soliciten participar como aspirantes en pruebas de acceso o promoción a los cuerpos o escalas de funcionarios/as o a las categorías de personal laboral convocadas por esta mancomunidad.

Artículo 3. Sujeto pasivo

Serán sujetos pasivos de esta tasa todas las personas físicas que soliciten la inscripción como aspirantes en las pruebas selectivas o de aptitud a las que se refiere el artículo anterior.

Artículo 4. Responsables

Responderán de la deuda tributaria los deudores principales junto a otras personas o entidades. A estos efectos, se considerarán deudores principales los obligados tributarios del artículo 35.2 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, la responsabilidad será siempre subsidiaria.

Responderán solidariamente de las obligaciones tributarias del sujeto pasivo las personas físicas y jurídicas a que se refiere el artículo 42 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria.

En relación a la responsabilidad solidaria y subsidiaria de la deuda tributaria, se estará a lo que establecen, respectivamente, los artículos 42 y 43 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria.

Artículo 5. Cuota tributaria

5.1. Las tarifas que corresponde satisfacer por los servicios regulados en esta ordenanza serán las siguientes:

Grupo A (subgrupos A1 y A2): 30,00 euros

Grupo B: 24,00 euros

Subgrupo C1: 18,00 euros

Subgrupo C2: 12,00 euros

Agrupaciones profesionales: 6,00 euros

5.2. Derechos de examen para pruebas selectivas de promoción interna para personal funcionario, laboral temporal y bolsas de trabajo:

-Se liquidarán el 50% de las cuotas fijadas en el apartado 5.1 para los distintos subgrupos y categorías.

Artículo 6. Exenciones y bonificaciones

6.1. A las cuotas tributarias anteriores, les serán de aplicación las siguientes reducciones:

a) Del 100%, en aquellos casos en los que el sujeto pasivo sea una persona que figura inscrita como desempleada, referida a la fecha de publicación de la convocatoria de las pruebas selectivas en el Boletín Oficial de la Provincia. Para aplicar la reducción mencionada, el sujeto pasivo deberá acreditar las circunstancias descritas en el párrafo anterior, mediante la presentación del certificado de desempleo, emitido por el Servicio de Empleo que corresponda.

b) Del 100%, a favor de víctimas de violencia de género. Para aplicar esta reducción, el sujeto pasivo deberá aportar la resolución judicial u orden de protección dictada a favor de la víctima o, en su defecto, un informe del Ministerio Fiscal que indique la existencia de indicios de ser víctima de violencia de género, hasta tanto se dicte la orden de protección, o cualquier otra documentación acreditativa de tal condición, de conformidad con la normativa vigente en la materia.

c) Del 100% a favor de personas en situación de discapacidad igual o superior al 33%. Para aplicar esta reducción, el sujeto pasivo deberá aportar la tarjeta acreditativa del grado de discapacidad expedida por la comunidad autónoma correspondiente.

d) Del 100%, a favor de miembros de familias monoparentales. Para aplicar esta reducción, el sujeto pasivo deberá acreditar la pertenencia a una familia monoparental mediante alguno de los siguientes documentos:

-Libro de familia en el que conste un/a único/a progenitor/a y los/as hijos/as de este/a.

-Libro de familia en donde consten los/as hijos/as y certificado de defunción del otro cónyuge en caso de viudedad.

-Libro de familia en donde consten los/as hijos/as y sentencia judicial de separación, divorcio o nulidad, o de relaciones paterno-filiales, siempre y cuando no se establezcan en ella pensiones compensatorias o de alimentos, o, habiéndose establecido, se acredite el impago de estas mediante sentencia, denuncia o demanda.

-En todo caso, para las personas aspirantes que no estén empadronadas en el municipio, se deberá aportar un certificado o volante de empadronamiento familiar que acredite la no

convivencia con otro progenitor o pareja de progenitor (matrimonial o de hecho).

6.2. Están exentas del pago de la tasa las víctimas del terrorismo, el cónyuge y sus ascendientes o descendientes, por naturaleza o adopción. A los efectos del disfrute de esta exención, se equipara al cónyuge a quien conviva o hubiere convivido con la víctima con análoga relación de afectividad y acredite, en tal sentido, en virtud de certificado expedido al efecto, su inscripción en el Registro de Uniones de Hecho de la comunidad autónoma correspondiente. Para aplicar esta exención, el sujeto pasivo deberá aportar un certificado emitido por el órgano competente del Ministerio del Interior, en el que conste la identificación de la víctima y, en su caso, el parentesco.

6.3. Los sujetos pasivos que, en el día en el que finaliza el plazo de presentación de solicitudes, tengan la condición de miembros de familias numerosas conforme a lo que establece la Ley 40/2003, de 18 de noviembre, de Protección a las Familias Numerosas y demás normativa concordante, gozarán de una bonificación en esta tasa, en los siguientes términos:

a) Familias numerosas de categoría general: 50%.

b) Familias numerosas de categoría especial: 100%.

Para aplicar esta bonificación, el sujeto pasivo deberá aportar un certificado o fotocopia del carné vigente de familia numerosa expedido por el órgano competente.

6.4. Los beneficios fiscales expresados no tendrán carácter acumulativo, por lo cual, en supuestos de concurrencia de diversas causas que sean el origen del derecho a demandar los beneficios citados, el/la interesado/a deberá optar sólo por uno de ellos. En el supuesto de que el/la interesado/a no ejercitara la opción anterior, se procederá de oficio, a considerar por orden de preferencia decreciente en el que se encuentre debidamente justificado o resulte más favorable al interesado o interesada.

Artículo 7. Devengo

El devengo de la tasa se producirá en el momento de la solicitud de inscripción en las pruebas selectivas o de actitud a que se refiere el artículo 2; será preciso el pago de la tasa para poder participar en ellas.

La tasa se abonará durante el período de tiempo en que permanezca abierto el plazo para la presentación de solicitudes de participación, que será el determinado en cada una de las bases que rijan las convocatorias para la provisión, en sus distintos regímenes, las plazas que se oferten.

Artículo 8. Normas de gestión

8.1. La tasa regulada en esta ordenanza se exigirá en régimen de autoliquidación. Los sujetos pasivos deberán practicar autoliquidación en los impresos habilitados al efecto por la Administración municipal y realizar su ingreso en cualquier entidad bancaria autorizada, antes de presentar la correspondiente solicitud de inscripción en el proceso selectivo, a la que se deberá acompañar el justificante de pago de la tasa; no se admitirá el pago fuera de dicho plazo.

8.2. La falta de pago de la tasa en el plazo señalado en el párrafo anterior determinará la inadmisión de la persona aspirante a las pruebas selectivas.

8.3. A la solicitud de inscripción en el proceso selectivo de que se trate, habrá de acompañarse, en todo caso, una copia de la autoliquidación, debidamente ingresada. En el caso de que el sujeto pasivo sea una de las personas a que se refiere el artículo 6 de esta ordenanza, deberá acompañarse la documentación que se indica en él.



8.4. Cuando, por causas no imputables al sujeto pasivo, la actividad técnica y/o administrativa que constituye el hecho imponible de la tasa no se realice, procederá la devolución del importe correspondiente. Procederá, asimismo, la devolución cuando los ingresos se declaren indebidos por resolución o sentencia firmes o cuando se haya producido una modificación sustancial de las bases de convocatoria. Por tanto, no procederá devolución alguna de los derechos de examen en los supuestos de exclusión de las pruebas selectivas por causa imputable al interesado o interesada.

Artículo 9. Infracciones y sanciones

En todo lo referente a infracciones y sanciones, será de aplicación la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, en concreto los artículos 181 y siguientes, así como sus disposiciones de desarrollo, según lo que dispone el artículo 11 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Artículo 10. Legislación aplicable

En todo lo no establecido en la presente ordenanza, se estará a lo que disponen el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo

2/2004, de 5 de marzo, la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, y la Ley 8/1989, de 13 de abril, de Tasas y Precios Públicos.

Disposiciones finales

Primera. Para todo lo no expresamente regulado en esta ordenanza, será de aplicación la legislación vigente sobre la materia.

Segunda. La presente ordenanza entrará en vigor el día siguiente de publicarse en el Boletín Oficial de la provincia de Ourense.

Contra el presente acuerdo, se podrá interponer un recurso contencioso-administrativo, ante la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, con sede en A Coruña, en el plazo de dos meses, que contarán desde el día siguiente al de publicarse este anuncio, de conformidad con el artículo 46 de la Ley 29/1998, de 13 julio, de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

El presidente. Fdo.: José Luis Suárez Martínez.

Documento firmado digitalmente.

R. 2.800